

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria celebrada o 24 de setembro de 2020 aprobou a modificación do Anexo I do *Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC*, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e Prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

MODIFICACIÓN DO ANEXO I DO REGULAMENTO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLO QUE SE ESTABLECE O RÉXIME DE REDUCIÓN DOCENTE E DE RETRIBUCIÓN DE CARGOS E RESPONSABLES ACADÉMICOS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Consello de Goberno do 28 de maio de 2019 aprobou o *Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC*. No seu anexo I figura como cargo académico o de “Director/a de Estación Científica”.

A creación da Rede de Estacións Biolóxicas da Universidade de Santiago de Compostela (USC) ten como consecuencia que as Estacións Científicas deixan de ter a consideración de estruturas organizativas, o que comporta a desaparición do mencionado cargo académico unipersonal e a creación do cargo de Coordinador/a científico da citada rede, polo que procede modificar o anexo deste Regulamento.

Por todo o anterior, tendo en conta o establecido no *Regulamento da Rede de Estacións Biolóxicas da USC* (REBUSC) e en virtude do que dispón o artigo 7 do Regulamento *polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC*, o Consello de Goberno

ACORDA

Primeiro.

Revogar o cargo de “Director/a de Estación Científica” que figura no Anexo I “Cargos Académicos” do Regulamento.

Segundo.

1. Crear o cargo académico de “Coordinador/a científico/a da Rede de Estacións Biolóxicas” da USC (REBUSC).
2. Este cargo asimílase ao de Director/a de Instituto de investigación para os efectos de redución docente (R3: 90 horas/curso) e de complemento retributivo (C4).
3. O cargo de “Coordinador/a científico/a da Rede de Estacións Biolóxicas” terá carácter permanente.

Disposición transitoria.

O cargo de Director/a de Estación Científica manterase ata finais do mes no que entre en vigor esta acordo.

Entrada en vigor.

Este acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro electrónico da USC.

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 29/09/2020 10:21:24.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 28/09/2020 17:44:53.

CSV: F3DF-9B13-4E84-8154